

**A C T A 5/2022**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 27 DE ABRIL DE 2022 -**

Na Casa do Concello, a vinte e sete de abril de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiras/os:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.<sup>a</sup> María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil

D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz

D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva

D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro

**Non asiste, previa escusa:**

D. José Manuel Elías Noya

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 23/02/2022**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 408/22 Á RES 528/22)**
- 3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN DIRECTOR DO PARQUE ARQUEOLÓXICO COMPOSTELA RUPESTRE**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CAMBIO DE USO DA PARCELA DOTACIONAL P1 DO PLAN PARCIAL PARQUE MONTOUTO**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS. SANTA BAIA DE OZA” DO POS+22**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL NO ACORDO PLENARIO DO 2 DE FEBREIRO DE 2022 DO POS+22**
- 8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS, URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO**
- 9.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ADQUISICIÓN DO INMOBLE DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL**
- 10.- MOCIÓN**
- 11.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro do PSdeG-PSOE, D. José M. Elias Noya, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 23/02/2022.**

O sr. alcalde preguntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 408/22 Á RES 528/22).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 25 de marzo ata o 21 de abril de 2022, que comprenden os números 408 ao 582, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.

O sr. Igrexas da conta da proposta da Alcaldía de 18 de abril de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 21 de abril de 2022.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO  
POLA UTILIZACIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.**

**EXPEDIENTE: 2022/X999/000246.**

Vistos os informes que obran no expediente, e dado que a Corporación ten potestade para establecer e esixir prezos públicos, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Atendendo a que a modificación que se propón supón a adaptación da Ordenanza reguladora do prezo público das Escolas Infantís Municipais á modificación introducida na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia pola Lei 18/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que supón a aplicación da gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos.

Considerando que, de acordo co artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), a modificación proposta non vai ter un impacto significativo na actividade económica, nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, e regula aspectos parciais dunha materia, ao tratarse dunha modificación dunha ordenanza fiscal.

Considerando que a modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.1 Ordenanza, de xeito que quede redactado como segue:

“1. Atención educativa.

-O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do concello de Teo fíxase en 160 € mensuais.

Entendemos por Atención Educativa o coidado e educación de como máximo 8 horas de xornada lectiva, excluídas as horas extras e o os servizos de comedor. Non inclúe o material funxible que se utilice nos traballos individuais.

-Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no seguinte cadro:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL DA UNIDADE FAMILIAR	Límite inferior	Límite superior	Xornada completa.
<i>Inferiores ao 30% IPREM</i>	- €	159,75 €	- €
<i>Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM</i>	159,75 €	266,25 €	- €
<i>Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM</i>	266,25 €	399,38 €	33,00 €
<i>Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM</i>	399,38 €	532,51 €	66,00 €
<i>Entre o 100% e inferiores ao 125 IPREM</i>	532,51 €	665,64 €	85,00 €
<i>Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM</i>	665,64 €	798,77 €	105,00 €
<i>Entre o 150% e 200% IPREM</i>	798,77 €	1.065,02 €	139,00 €
<i>Superiores ao 200% IPREM</i>	1.065,02 €		160,00 €

*Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar ”*

**SEGUNDO** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.3.1 Ordenanza de xeito que quede redactado como segue:

**“3. Descontos sobre os prezos iniciais.**

1.–Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que son acumulables entre si:

- a) *Nenos/as pertencentes a familias numerosas (categoría especial ou especial), desconto dun 20%.*
- b) *Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.*
- c) *Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 20%.*
- d) *Bonificación do 100% da cota de atención educativa.*

*Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas; esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente título de familia numerosa.*

*Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data dada declaración do IRPF”.*

**TERCEIRO:** Aprobar inicialmente a inclusión da Disposición final da Ordenanza de xeito que quede redactada como segue:

**“DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación entrará en vigor o día 1 de setembro de 2022, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa”.*

**CUARTO:** Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen

oportunas.

**QUINTO:** O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor, unha vez que se leve cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei, o 1 de setembro de 2022”

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelo, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.1 Ordenanza, de xeito que quede redactado como segue:

“1. Atención educativa.

*-O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do concello de Teo fíxase en 160 € mensuais.*

*Entendemos por Atención Educativa o coidado e educación de como máximo 8 horas de xornada lectiva, excluídas as horas extras e o os servizos de comedor. Non inclúe o material funxible que se utilice nos traballos individuais.*

*-Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no seguinte cadro:*

<b>RENDA PER CÁPITA MENSUAL DA UNIDADE FAMILIAR</b>	<b>Límite inferior</b>	<b>Límite superior</b>	<b>Xornada completa.</b>
<b><i>Inferiores ao 30% IPREM</i></b>	<b><i>- €</i></b>	<b><i>159,75 €</i></b>	<b><i>- €</i></b>

<b>Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM</b>	<b>159,75 €</b>	<b>266,25 €</b>	<b>- €</b>
<b>Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM</b>	<b>266,25 €</b>	<b>399,38 €</b>	<b>33,00 €</b>
<b>Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM</b>	<b>399,38 €</b>	<b>532,51 €</b>	<b>66,00 €</b>
<b>Entre o 100% e inferiores ao 125 IPREM</b>	<b>532,51 €</b>	<b>665,64 €</b>	<b>85,00 €</b>
<b>Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM</b>	<b>665,64 €</b>	<b>798,77 €</b>	<b>105,00 €</b>
<b>Entre o 150% e 200% IPREM</b>	<b>798,77 €</b>	<b>1.065,02 €</b>	<b>139,00 €</b>
<b>Superiores ao 200% IPREM</b>	<b>1.065,02 €</b>		<b>160,00 €</b>

***Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar ”***

**SEGUNDO** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.3.1 Ordenanza de xeito que quede redactado como segue:

***“3. Descontos sobre os prezos iniciais.***

***1.–Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que son acumulables entre si:***

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas (categoría especial ou especial), desconto dun 20%.***
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.***
- c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 20%.***
- d) Bonificación do 100% da cota de atención educativa.***

***Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas; esta***



*situación deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente título de familia numerosa.*

*Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data dada declaración do IRPF”.*

**TERCEIRO:** Aprobar inicialmente a inclusión da Disposición final da Ordenanza de xeito que quede redactada como segue:

**“DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación entrará en vigor o día 1 de setembro de 2022, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa”.*

**CUARTO:** Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

**QUINTO:** O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor, unha vez que se leve cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei, o 1 de setembro de 2022.

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO  
SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

**Artigo 1.º.–Fundamento e natureza.**

En virtude do artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Teo impón o prezo público por servizo de escolas infantís municipais. O citado prezo é un recurso público de titularidade municipal e se regulará pola presente ordenanza reguladora, polo citado RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento xeral de recadación, e demais normas concordantes.

**Artigo 2.º.–Servizos que grava o prezo público.**

O prezo público que regula a presente ordenanza esíxese pola utilización do servizo das escolas infantís municipais do Concello de Teo, e por cada unha das prestacións que se contemplan no artigo 5.

**Artigo 3.º.–Obrigados ao pagamento.**

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos centros sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

**Artigo 4.º.–Criterios e variables para a determinación do prezo a pagar.**

Para a determinación do importe mensual do prezo público mensual que recolle o artigo 5, teranse en conta os seguintes criterios e variables:

1.–A renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

1. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
2. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
3. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapitados cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, ou sen rendas propias que dependan economicamente da unidade familiar.

b) A renda serán os ingresos totais da unidade familiar do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no que se pretenda que produza efectos. Se calculará como a suma das rendas de cada membro da unidade, e para elo se terán en conta a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración do IRPF correspondente. Polo tanto, os ingresos totais anuais se acreditarán mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) A renda per cápita anual calculase dividindo os ingresos totais polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por 12.

## Artigo 5.º.–Importe do prezo público.

As tarifas do prezo público para cada prestación e segundo os niveis de renda, son os que se expoñen de seguido:

### 1. Atención educativa.

– O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do concello de Teo fíxase en 160 € mensuais.

Entendemos por Atención Educativa o coidado e educación de como máximo 8 horas de xornada lectiva, excluídas as horas extras e o os servizos de comedor. Non inclúe o material funxible que se utilice nos traballos individuais.

– Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no seguinte cadro:

Renda per cápita mensual da unidade familiar	Límite inferior (€)	Límite superior (€)	Xornada completa (€)
Inferiores ao 30% IPREM	–	159,75	–
Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	159,75	266,25	–
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	266,25	399,38	33,00
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	399,38	532,51	66,00
Entre o 100% e inferiores ao 125% IPREM	532,51	665,64	85,00
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	665,64	798,77	105,00
Entre o 150% e 200% IPREM	798,77	1.065,02	139,00
Superiores ao 200% IPREM	1.065,02		160,00

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

## 2. servizos complementarios.

### 1.–Servizo de comedor.

O servizo de comedor consta de tres servizos, o almorzo, xantar e merenda. O prezo de cada un deles será segundo o contido do cadro seguinte:

Renda per cápita mensual da unidade familiar	Límite inferior	Límite superior	Almorzo ou merenda	Xantar
Inferiores 30% IPREM	0 €	159,75	0	0
Entre 30-50%	159,75	266,50	0	0
Entre 50-75%	266,25	399,38	5	10
Entre 75-100%	399,38	532,51	10	20
Entre 100-125%	532,51	665,64	15	30
Entre 125-150%	665,64	798,77	20	40
Entre 150-200%	798,77	1.605,02	25	50
Máis do 200%	1.065.02		30	60

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 3 € polo xantar, e 2 € polo almorzo e merenda.

O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

### 2.–Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20 €.

As horas complementarias terá unha contribución de 4 €. As familias cunha renda percapita inferior ao 75% € IPREM teran unha redución do 50%.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

### **3. Descontos sobre os prezos iniciais.**

1.–Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas (categoría especial ou especial), desconto dun 20%.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 20%.

d) Bonificación do 100% da cota de atención educativa.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas; esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente título de familia numerosa.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data dada declaración do IRPF.

2.–Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

3.- Os usuarios e usuarias que teñan horario a quendas, e que polo tanto non fagan uso dos servizos de comedor de xeito continuado durante todo o mes, cobraráselles os servizos prestados facendo o cálculo proporcional sobre o custo mensual dos mesmos.

### **Artigo 6.º.–Suspensión temporal do pagamento.**

A inasistencia da/do usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha, nin exención do pagamento do prezo establecido cos seguintes excepcións:

1.–Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar o prezo correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/o. Cando se fraccione o mes de vacacións en períodos de unha semana (non admitiran períodos inferiores), este desconto farase no mes no que faga o último período de descanso.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2.–Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar o prezo cando, por causa debidamente xustificada, a nena ou neno deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro, e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse no rexistro do concello, que resolverá sobre a procedencia da exención.

3.–Nos supostos de solicitudes formuladas fóra de prazo por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, o aboamento do prezo será dende o mes en que se lle concede a praza.

Nestes casos o pagamento correspondente ao mes de reincorporación ou incorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación.

#### **Artigo 7.º.–Revisión dos prezos.**

##### **A) VARIACIÓN INTERANUAL DO IPC.**

Os prezos públicos establecidos no artigo 3 actualizaranse cada curso escolar en función da variación interanual experimentada polo IPC para a Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal se modificará o cadro de prezos desta ordenanza.

##### **B) ALTERACIÓN DAS VARIABLES DE CÁLCULO DO IMPORTE.**

O importe a pagar polos usuarios do servizo poderá modificarse ao longo do curso cando varíen as súas circunstancias familiares ou económicas, xa que estas inflúen sobre o cálculo do prezo final e os descontos aplicables.

As variacións de mais do 25 % das rendas do traballo ou de actividades económicas ou empresariais da unidade familiar, poderán dar lugar a un novo cálculo da cota, cando estas se manteñan como mínimo por un período de tres meses consecutivos, e xustificarse por medio da declaración do IRPF, certificación de desemprego ou calquera outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia.

As variacións de mais do 15% e ata o 25% das rendas do traballo ou actividades económicas ou empresariais da unidade familiar, poderán dar lugar a un novo cálculo



da cota, cando estas se manteñan como mínimo por un período de seis meses consecutivos, e xustificarse por medio de declaración do IRPF, certificación de desemprego, ou calquera outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia.

Aos efectos anteriores, todas/os obrigadas/os ao pagamento deberán comunicar calquera variación que se produza ao respecto, e concretamente, deberán achegar antes do día 1 de xullo de cada ano a declaración do IRPF ou certificado negativo do ano inmediatamente anterior. De non dispoñer no prazo indicado deste documento, por imposibilidade de conseguilo da administración tributaria, a presentación farase no máis breve espazo de tempo e sempre antes do día 31 de agosto do ano 2012. Sendo en calquera caso imprescindible para a incorporación efectiva ao centro no mes de setembro.

#### **Artigo 8.º.–Réxime de pagamento e xestión.**

1.– O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 6 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Cando o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, ou en xeral os servizos que non se poidan computar e calcular por adiantado, pagaranse xunto coa cota do mes seguinte.

2.–No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

3.–Salvo o disposto no artigo 6 desta ordenanza, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

4.–A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa exixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

5.–Todas/os usuarias/os aboarán 11 mensualidades por curso, salvo as seguintes excepcións:

- Aboarán 10 mensualidades cando tendo que fixarse un mes de peche do centro por motivos debidamente xustificados, este non coincida co mes de vacacións anuais das/dos proxenitoras/es ou responsables legais.
- Aboarán 12 mensualidades no caso de que a asistencia ao centro inclúa excepcionalmente os 12 meses do ano.

6.–O prezo público ingresarase na conta que indique o departamento municipal responsable da xestión das EIM ás persoas responsables do pago ao comezo do curso. No caso de que a titularidade desta corresponda a unha empresa privada xestora do servizo, esta deberá presentar mensualmente a conta recadatoria no rexistro de entrada municipal para o seu control e contabilización por parte dos servizos económicos municipais.

#### **Disposición derogatoria.**

A partires da entrada en vigor da presente ordenanza queda automaticamente derogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizo de escolas infantís municipais vixente dende 01/03/2004.

#### **Disposición derradeira.**

A presente ordenanza reguladora entrará en vigor a partires do día 01/09/2013 e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

#### **Disposición final**

*A presente modificación entrará en vigor o día 1 de setembro de 2022, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.*

#### **4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN DIRECTOR DO PARQUE ARQUEOLÓXICO COMPOSTELA RUPESTRE.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de educación, cultura, lingua, mobilidade, comercio, turismo e emprego, D.<sup>a</sup> María López Álvarez.

A sra. López da conta da proposta da Alcaldía de 13 de abril de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de abril de 2022.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Aprobación do Plan Director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre

Considerando que, segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP), as Administracións Públicas, nas súas relacións, réxense, entre outros, polos principios de cooperación e colaboración, e na súa actuación polos criterios de eficiencia e servizo aos cidadás.

Nesta liña, segundo o artigo 143 da LRXSP as Administracións Públicas cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio, requirindo, a formalización de relacións de cooperación, a aceptación expresa das partes, formuladas en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Considerando que en sesión plenaria do 4 de abril de 2018 o Concello de Teo aprobou a adhesión ao convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra para regular o proxecto “Parque Compostela Rupestre”.

Considerando que na sesión ordinaria do consello de Dirección da comunidade intermunicipal do proxecto “Parque Compostela Rupestre” celebrada o 2 de febreiro de 2022 no concello de Teo (A Coruña) decídese a aprobación do Plan Director de Compostela Rupestre e

En virtude do exposto, considerando a normativa citada e demais normativa aplicable, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

### **Primeiro**

A aprobación do Plan Director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre en sesión plenaria ratificando así a aprobación levada a cabo polo consello da Dirección da comunidade intermunicipal do proxecto “Parque Compostela Rupestre” celebrada o 2 de febreiro do 2022 no concello de Teo (A Coruña)”

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda aprobar o Plan Director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre en sesión plenaria ratificando así a aprobación levada a cabo polo consello da Dirección da comunidade intermunicipal do proxecto “Parque Compostela Rupestre” celebrada o 2 de febreiro do 2022 no concello de Teo (A Coruña).**

### **5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CAMBIO DE USO DA PARCELA DOTACIONAL P1 DO PLAN PARCIAL PARQUE MONTOUTO.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 13 de abril de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de abril de 2022.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Vista a memoria xustificativa desta Alcaldía sobre o cambio de uso da parcela dotacional P1 do Plan Parcial Parque Montouto.

Considerando que, segundo a citada memoria, a parcela P1 do citado Plan Parcial ten asignado un uso de depuradora, porén esta parcela en ningún momento tivo dito uso xa que toda a urbanización esta conectada á rede de augas residuais do Concello de Teo, e polo tanto non ten depuradora autónoma.

Tendo en conta que, de acordo co exposto, o mantemento do uso que a parcela ten asignado no citado Plan Parcial carece de sentido, e que os veciños e veciñas desa zona carecen dun espazo que poida ser utilizado como local sociocultural, parece oportuno levar a cabo innovación do uso actual, cambiándoo e ampliándoo a todos os usos dotacionais para dar cabida, no seu caso, á situación descrita ou a calquera outra que se poida poñer de manifesto.

Considerando que segundo o artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), na redacción dada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos ou dotacións públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

Vistos os informes do arquitecto municipal, de 17 de febreiro de 2022, e da secretaria municipal, de 18 de febreiro de 2022, incorporados ao expediente.

Considerando que, de acordo co artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a natureza do procedemento aconsellaba someter o expediente a información pública.

Considerando que, en virtude do exposto, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 23 de febreiro de 2022, acordou iniciar expediente para cambiar o uso de depuradora da parcela P1 do Plan Parcial Parque Montouto, asignándolle un uso dotacional de carácter global, e someter o expediente a información pública durante un prazo de vinte días, mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e na web municipal para que, no prazo citado, as persoas interesadas puideran formular as alegacións que tiveran por conveniente para a defensa dos seus dereitos e intereses.

Considerando que, dando cumprimento ao citado acordo plenario, o expediente foi sometido a información pública mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello (01/03/2022), na web municipal (02/03/2022) e no BOP (07/03/2022).

Considerando que, segundo o informe do administrativo xefe do negociado de servizos xerais do Concello de Teo, de 6 de abril de 2022, durante o período de exposición pública non se presentou alegación ou reclamación algunha.

En virtude do exposto, e segundo o artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Cambiar o uso de depuradora da parcela P1 do Plan Parcial Parque Montouto, asignándolle un uso dotacional de carácter global.

**Segundo**.- Dar publicidade ao presente acordo, mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello, na web municipal, no BOP e no DOGA, para xeral coñecemento”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia a abstención do seu grupo.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:**

**Primeiro**.- Cambiar o uso de depuradora da parcela P1 do Plan Parcial Parque Montouto, asignándolle un uso dotacional de carácter global.

**Segundo**.- Dar publicidade ao presente acordo, mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello, na web municipal, no BOP e no DOGA, para xeral coñecemento.

## **6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS. SANTA BAIA DE OZA” DO POS+22.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 13 de abril de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de abril de 2022.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: Aprobación do proxecto modificado da obra de “Reurbanización del núcleo de Cachóns, Santa Baia de Oza”.**

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 2 de febreiro de 2022, acordou aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”, acordo que, xunto coa restante documentación esixida ao efecto, foi debidamente remitido á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL.

Considerando que, con data de 18 de marzo de 2022, recibíuse da Deputación unha comunicación en relación á obra de “Reurbanización do núcleo de Cachóns, Santa Baia de Oza” sobre a necesidade de corrixir determinadas deficiencias detectadas no proxecto da citada obra relacionadas coa necesidade de xustificar os prezos descompostos e determinadas contías no tema de xestión de residuos.

Visto o informe do arquitecto técnico sobre emenda de deficiencias do proxecto de “Reurbanización del núcleo de Cachóns,Oza” lugar de Cachóns, parroquia Santa Baia de Oza, Teo, de 30 de marzo de 2022, asinado dixitalmente o 1 de abril de 2022.

Visto o proxecto modificado elaborado polo arquitecto técnico, de marzo de 2022, asinado o 1 de abril de 2022, no que se corrixen as deficiencias advertidas pola Deputación.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro**.- Aprobar o proxecto modificado da obra de “Reurbanización do núcleo de Cachóns, Santa Baia de Oza”, redactado polo arquitecto técnico municipal, de marzo de 2022.

**Segundo**.- Remitir o presente á Deputación a través da plataforma SUBTEL”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen sinala que quere lembrar que se poñan os tubos para o futuro da telefonía e fenosa.

O sr. alcalde di que é certo que iso xa o comentara o sr. Guerra, e que non se poñen agora para non modificar o proxecto, porén hai o compromiso de facelo.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro**.- Aprobar o proxecto modificado da obra de “Reurbanización do núcleo de Cachóns, Santa Baia de Oza”, redactado polo arquitecto técnico municipal, de marzo de 2022.

**Segundo**.- Remitir o presente á Deputación a través da plataforma SUBTEL.

## **7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL NO ACORDO PLENARIO DO 2 DE FEBREIRO DE 2022 DO POS+22.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 13 de abril de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de abril de 2022.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto**: Corrección de erro material no acordo plenario de 2 de febreiro de 2022 de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”



Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 2 de febreiro de 2022, acordou aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”, acordo que, xunto coa restante documentación esixida ao efecto, foi debidamente remitido á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL.

Considerando que, con data de 18 de marzo de 2022, recibíronse da Deputación unhas comunicacións sobre a documentación presentada, en relación á solicitude xeral do POS +2022, e ás obras de “Actuacións de saneamento e pavimentación en Casalonga” e “Reurbanización do núcleo de Lamas, Santa María de Bamonde”, sobre a necesidade de corrixir determinadas deficiencias detectadas no acordo plenario de 2 de febreiro de 2022 relacionadas coa necesidade de engadir e encher o cadro relativo ao IVE soportado deducible por abastacemento de auga, segundo o esixido na base 5.A.

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que *“As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*.

Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material no acordo plenario de 2 de febreiro de 2022, concretamente en relación coa necesidade de incorporar o dato relativo ao IVE soportado deducible, tratándose dun erro que se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos que obran no expediente administrativo.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO**.- Corrixir no acordo plenario de 2 de febreiro de 2022, relativo á aprobación do POS +2022, os erros materiais dos apartados “B) Financiamento de investimentos”

e “C Resumo”, do acordo primeiro, e o cadro incorporado no acordo segundo, quedando os mesmos redactados conforme se recolle a continuación:

**B ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>				
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	220.999,98	51.109,00	3.891,00	55.000	275.999,98
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	145.514,71	35.000	0,00	35.000	180.514,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	85.828,53	25.343,57	0,00	25.343,57	111.172,10
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>452.343,22</b>	<b>111.452,57</b>	<b>3.891,00</b>	<b>115.343,57</b>	<b>567.686,79</b>

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

**C) Resumo:**

<b>POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO</b>		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2022</b>	323.689,56	0,00	0,00	0,00	323.689,56
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2021</b>	452.343,22	111.452,57	3.891,00	115.343,57	567.686,79
	<b>TOTAL</b>	<b>776.032,78</b>	<b>111.425,57</b>	<b>3.891,00</b>	<b>115.343,57</b>	<b>891.376,35</b>

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	92.855,93	-----	92.855,93
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49	-----	215.368,49
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71	2.280,44	195.982,27
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09	3.099,20	391.425,89
<b>TOTAIS</b>	<b>901.012,22</b>	<b>5.379,64</b>	<b>895.632,58</b>

**SEGUNDO.-** Corrixidos os erros citados, o acordo plenario de 2 de febreiro de 2022, quedará redactado conforme se detalla a continuación:

**“Primeiro.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

**A) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	323.689,56
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>323.689,56</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	220.999,98	51.109,00	3.891,00	55.000	275.999,98

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	145.514,71	35.000	0,00	35.000	180.514,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	85.828,53	25.343,57	0,00	25.343,57	111.172,10
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>452.343,22</b>	<b>111.452,57</b>	<b>3.891,00</b>	<b>115.343,57</b>	<b>567.686,79</b>

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

### C) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2022</b>	323.689,56	0,00	0,00	0,00	323.689,56
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2021</b>	452.343,22	111.452,57	3.891,00	115.343,57	567.686,79
	<b>TOTAL</b>	<b>776.032,78</b>	<b>111.425,57</b>	<b>3.891,00</b>	<b>115.343,57</b>	<b>891.376,35</b>

**Segundo.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	92.855,93	-----	92.855,93
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49	-----	215.368,49
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71	2.280,44	195.982,27
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09	3.099,20	391.425,89
<b>TOTAIS</b>	<b>901.012,22</b>	<b>5.379,64</b>	<b>895.632,58</b>

**Terceiro.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

**Quinto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Sexto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sétimo.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Octavo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.

**TERCEIRO.-** Remitir o presente á Deputación a través da plataforma SUBTEL”.

Aclara o sr. alcalde que se trata unicamente da necesidade de recoller o IVE soportado deducible naquelas obras que inclúan abastecemento de auga.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

**PRIMEIRO.-** Corrixir no acordo plenario de 2 de febreiro de 2022, relativo á aprobación do POS +2022, os erros materiais dos apartados “B) Financiamento de investimentos” e “C Resumo”, do acordo primeiro, e o cadro incorporado no acordo segundo, quedando os mesmos redactados conforme se recolle a continuación:

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	220.999,98	51.109,00	3.891,00	55.000	275.999,98
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO	145.514,71	35.000	0,00	35.000	180.514,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO	85.828,53	25.343,57	0,00	25.343,57	111.172,10
Subtotal investimentos achega provincial 2021	452.343,22	111.452,57	3.891,00	115.343,57	567.686,79

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

**C) Resumo:**

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	323.689,56	0,00	0,00	0,00	323.689,56
B- INVESTIMENTOS	Achega 2021	452.343,22	111.452,57	3.891,00	115.343,57	567.686,79
	TOTAL	776.032,78	111.425,57	3.891,00	115.343,57	891.376,35

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO	92.855,93	-----	92.855,93
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO	215.368,49	-----	215.368,49
ACTUACIÓN S DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71	2.280,44	195.982,27
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.	394.525,09	3.099,20	391.425,89
<b>TOTAIS</b>	<b>901.012,22</b>	<b>5.379,64</b>	<b>895.632,58</b>

**SEGUNDO.-** Corrixidos os erros citados, o acordo plenario de 2 de febreiro de 2022, quedará redactado conforme se detalla a continuación:

**“Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

**A) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
<i>Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	<b>323.689,56</b>
<i>Subtotal gasto corrente</i>	<b>323.689,56</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CACHÓNS, SANTA BAIA DE OZA	220.999,98	51.109,00	3.891,00	55.000	275.999,98

<b>AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN Á PÓBOA. CONCELLO DE TEO</b>	145.514,71	35.000	0,00	35.000	180.514,71
<b>AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CASTRES E FEROS: CONCELLO DE TEO</b>	85.828,53	25.343,57	0,00	25.343,57	111.172,10
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	452.343,22	111.452,57	3.891,00	115.343,57	567.686,79

*Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.*

**C) Resumo:**

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<i>Achega 2022</i>	323.689,56	0,00	0,00	0,00	323.689,56
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<i>Achega 2021</i>	452.343,22	111.452,57	3.891,00	115.343,57	567.686,79
	<b>TOTAL</b>	776.032,78	111.425,57	3.891,00	115.343,57	891.376,35

**Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:**

<i>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</i>	<i>Orzamento contrata</i>	<i>IVE soportado deducible</i>	<i>Orzamento subvencionable</i>
<b>AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO</b>	92.855,93	-----	92.855,93
<b>AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO</b>	215.368,49	-----	215.368,49
<b>ACTUACIÓN DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA</b>	198.262,71	2.280,44	195.982,27
<b>REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.</b>	394.525,09	3.099,20	391.425,89
<b>TOTAIS</b>	901.012,22	5.379,64	895.632,58



**Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.**

**Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.**

**Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.**

**Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.**

**Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.**

**8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS, URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción do seu grupo de 8 de abril de 2022 (Rex. 999, nº entrada 808, de 08/04/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de abril de 2022.

**“MOCION SOBRE SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE  
SOBRE CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE  
RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE  
TEO**

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN PARA A SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE DO CONCELLO DE TEO EN RELACIÓN COA NOVA LICITACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO, en base á seguinte:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Visto o acordo plenario de 31 de marzo de 2021, no que se acordou a prórroga, polo período dun ano, comprendido entre o 2 de agosto de 2021 ata o 1 de agosto de 2022, do contrato de XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO, asinado entre o concello de Teo e a entidade UTE GESECO CESPA TEO, adxudicataria do contrato.

Tendo en conta que este contrato ten unha duración de 10 anos a partir do día da sinatura da acta de comezo da prestación do servizo que tivo lugar o 2 de agosto de 2010, e que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non pode exceder dos 12 anos, polo que tras a prórroga acordada en marzo de 2021, resulta imposible unha nova prórroga do contrato.

Tendo en conta que este contrato resulta ser un dos máis relevantes (senón o máis relevante), en contía e duración da xestión municipal, así como un servizo municipal de enorme incidencia social, e que a 4 meses da finalización desta prórroga, e máis dun ano despois da última prórroga, non existen novas sobre a nova licitación deste contrato por parte da Alcaldía, como responsable desta área de goberno.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Teo somete para a súa aprobación o seguinte:

### **ACORDO:**

Primeiro.- Solicitar a comparecencia do Alcalde de Teo, como responsable da área, para que explique e concrete a planificación da licitación do novo contrato da xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria no Concello de Teo, así como importe e contido de dita licitación”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas.

O sr. alcalde explica que, tal e como se dixo na Comisión Informativa, non teñen ningún problema en comparecer e explicar a situación. Salienta que é certo que existiu un pequeno retraso e iso pode provocar que o contrato quede en precario algúns meses.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:**

Primeiro.- Solicitar a comparecencia do Alcalde de Teo, como responsable da área, para que explique e concrete a planificación da licitación do novo contrato da xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria no Concello de Teo, así como importe e contido de dita licitación.

## **9.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ADQUISICIÓN DO INMOBLE DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL.**

O sr. alcalde explica que aínda que o tema foi comunicado nas Comisións Informativas, non foi ditaminado, polo que resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día, engadindo que a necesidade de tratar este asunto resulta obvia.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.**

O sr. alcalde da conta da proposición da Alcaldía, de 22 de abril de 2022, sobre a adquisición do inmovible da antiga cámara agraria local, que se recolle a continuación:

### **“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A ADQUISICIÓN DO INMOBLE DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL**

O concello de Teo leva moitos anos tentando facerse coa propiedade da antiga Cámara Agraria local, edificio moi próximo ao concello e cualificado no PXOM como Equipamento comunitario administrativo. As diferencias na súa valoración, as discrepancias sobre o mecanismo xurídico/administrativo para facerse con ela e o ríxido posicionamento da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio fixeron imposible que esta intención callase.

A finais do pasado mes esta Alcaldía recibiu un escrito da mencionada Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio que, en certa medida, supón un *ultimatum* nese empeño, no que se fixan unhas condicións definitivas: un prezo de 63.451,96 euros en pagamento aprazado a dez anos.

O concello de Teo síntese socialmente responsable do estado de abandono e ruína dende hai dúas décadas dun edificio enclavado a poucos metros da casa consistorial que, pola súa catalogación urbanística, posibilita unha futura localización de dependencias administrativas.

Consecuentemente, aínda sen compartir as condicións impostas para a compra, consideramos necesario dar fin a este proceso e asumir a compra do edificio nas condicións impostas pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Tomando en consideración o arriba exposto, propónse ao Pleno Municipal a adopción so seguinte ACORDO:

**Manifestar a vontade da Corporación municipal de Teo de proceder á compra inmoble da antiga Cámara Agraria Local nas condicións fixadas pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, de acordo coa normativa vixente.**

Teo, na data da sinatura dixital

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira”

O sr. alcalde explica que este tema comezou xa polo ano 2010. Indica que vai facer referencia a algunhas consideracións que fixo a sra. Lemus por escrito, xa que sería ben clarificalas. Unha desas consideracións facía referencia a que pasara cunha cesión a título gratuito que se produciu no ano 1998, e que na práctica non se chegou a facer efectiva, que si que se dispoñía das chaves pero nunca se levou adiante a utilización do local. Explica o sr. alcalde que iso foi porque, entre outras cousas, as condicións que naquel momento poñía a Consellería eran moi restritivas con respecto ao uso, só podía ser destinado a usos agrarios exclusivamente. Era unha cesión por 10 anos. Entón no 2008 non se modificaron as condicións e deuse por finalizada a cesión. A partir de aí houbo intentos do anterior alcalde coa Dirección xeral do patrimonio para facerse coa parcela, pero non houbo un acordo en canto ás cantidades e entón a Consellería fixo unha poxa, intentouna vender, aínda que dende os servizos técnicos municipais lle dicían que era un ben dotacional e que iso impedía que calquera o comprase e que se puidese obrar. Salienta que as tres poxas quedaron desertas porque parecía un prezo elevado, sobre todo en comparación con outras compras, como por exemplo no caso de Brión, no que un edificio en mellores condicións fora vendido por 37.000 € e en Teo o resultado da taxación que comunica agora a Secretaría xeral é de 63.451,96 €.

Sinala o sr. alcalde que a outra das consideracións que comentaba a sra. Lemus era o da mutación demanial. Explica que, logo de ser consultada coa Secretaría e tendo claro todo, a posición do goberno segue sendo a mesma, considérase que iso debería de ser obxecto dunha mutación demanial, pero o problema que hai é que a Secretaría xeral do

Patrimonio non o considera, polo que diante desa situación considérase que non hai moita marxe de actuación.

Sinala o sr. alcalde que á pregunta que no seu momento fixera a sra. Lemus de se existen intereses sobre ese pago aprazado a dez anos, a resposta é que si que existen, e son do 3%, igual que existiu na proposta que fixeran logo das poxas. Iso supón uns 6.000 € neses anos, é dicir que o prezo total en vez de 63.451,96 € serían 69.590,28 € ao cabo de dez anos, pero para a administración local é moito máis fácil e levadeira a compra en prazos. Salienta que unha cuestión que si é certa e que dentro deste proceso de compra xa se lle trasladara á Consellería que no ano 2015 e posteriores, despois de que se fixeran as tres poxas, ofreceuse ao Concello nun prezo de compra de 55.987,40 €. Tendo en conta esta situación e repasando toda a documentación existente enviouse unha comunicación ao Secretario Xeral. O sr. alcalde da lectura a dita comunicación, a través da cal se lle consulta esa dúbida referente ao prezo, e se lle pregunta cal era a razón de que non se puidera manter o prezo do 2015 cando obxectivamente as condicións do inmovible empeoraron significativamente nestes anos.

Sinala o sr. alcalde que se está á espera da resposta pero que en calquera caso para o goberno a valoración da situación non varía, que se darán as voltas que sexa necesario e plantexaranse dende o punto de vista administrativo as dúbidas que xurdan en canto ao modo de tramitación e demais, pero o que si é certo é que consideran necesaria a compra dese local. Pensa que o Concello ten que facerse cun sitio próximo no cal poder incrementar as súas oficinas e a base administrativa, e ese é un local que ademais no Plan xeral está destinado a ese fin, polo cal parece moi necesario. Indica que se intentará sacar polo menor prezo posible pero como é unha cuestión que afecta economicamente a dez anos vista, aínda que non era estritamente necesario, si que parece oportuno que as distintas forzas da Corporación expresen a súa opinión e se manifesten neste Pleno.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que dende o seu grupo non se van opoñer a que se realice a compra pero si que queren comentar que consideran que a relación entre dúas Administracións non debe de ser esa. Sinala que se trata dun edificio que está ruinoso, que haberá que mercar e investir uns cartos para restauralo, e a Xunta noutros casos actúa dunha forma ben

distinta, como por exemplo no caso do Centro de Saúde. O Concello ten que proporcionar o terreo, a Xunta esixe unhas prestacións, pero logo non colabora noutros temas. Entende a sra. Castelao que a Xunta debería de actuar, en consecuencia, dunha forma similar, en relación coas Administracións máis pequenas nas que os orzamentos son moito máis reducidos, xa que o Concello non ten os recursos que ten a Xunta, polo que non é equitativo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que este tema xa non é novo e xa se discutiu moito. Salia que segue sen parecerlle normal, e chámalle a atención o último punto do escrito da Xunta onde se fala de que transcorreu un prazo prudencial, e se refire á posibilidade de expropialo, engadindo que lle parece que é un pouco ameazante. Sinala que non estivo directamente nesas reunións pero llas comentaron e polo que parece nunca foron agradables nin boas, aínda que en xeral con Patrimonio da Xunta é complicado falar. Considera a sra. Lemus que, chegados a este punto, parécelle que poñer un importe que non é nin o da poxa nin o que se estableceu no 2015 como proposta inicial é un pouco absurdo. Entende que fixeron unha taxación adaptada aos novos tempos, co cal máis cartos para o erario público autonómico, e menos para o municipal. Por outro lado no seu día chegouse a entrar no local e xa daquela case se podería pedir a declaración de ruína. Pensa que a Xunta non actúa ben coas cámaras agrarias e coa normativa que, é autonómica, non estatal, poderían actuar, pois non hai moita dificultade en cambiala. Salia a sra. Lemus que así, por exemplo, a lei do Solo se cambia nos orzamentos cada ano como vinte veces, e se se queren cambiar as leis pódese, pero hai que querer. Parécelle que acaba sendo unha forma de financiamento un pouco absurda, cunha cámara agraria arruinada e que está vinculada a unhas leis nas que se marca o uso agrario imprescindible. Quere deixar constancia a sra. Lemus de que hai algún concello que na cesión esta que se fixo a finais dos anos 90 aceptouna e está dedicando o local a usos que non teñen nada que ver nin coa cámara agraria nin con usos agrarios nin con agroforestal nin nada parecido, o cal lle chama a atención, tratándose ademais dun concello no que goberna o PP.

Insiste a sra. Lemus en que hai mecanismos, de afectación e desafectación dun ben demanial, que son coñecidos, que poderían facer, pero que o están usando como unha

forma de financiamento, e que lle parece moi ben, pero que tal como dixo a compañeira do BNG, parece curioso que ao Concello lle obriguen a facer cesións e compras de parcelas para os seus bens e doutra banda o mesmo Concello se vexa impelido por esta carta que moi agradable non é.

Salienta a sra. Lemus que lle resulta un pouco “sangrante” este tema, primeiro porque se podía facer cun mecanismo normal de mutación demanial, cambiar a administración, desafectar, afectar, xa que hai moitos exemplos de todo iso, como por exemplo os CRA. Indica que cando os CRA deixaron de ser colexios acabaron por ser locais sociais e non houbo ningún problema, e ninguén entendería que de repente a Consellería de educación, unha vez desafecta un CRA, tentara vendelo ao Concello. Pois exactamente é o que está a acontecer coas cámaras agrarias, e enriba cun local que está abandonado e sen uso dende hai moitos anos, o que lle parece un pouco fóra de lugar. Sinala a sra. Lemus que ela non se sente socialmente responsable do estado de abandono e ruína do local, xa que cada Administración ten que ser consciente das propiedades que ten e a Xunta está xogando á recadación, pura e dura, pero non só co Concello de Teo senón con moitos outros, xa que incluso coñece concellos que están pagando barbaridades por cámaras agrarias abandonadas dende hai trinta ou corenta anos.

Pensa a sra. Lemus que a FEGAMP debería de tomar cartas no asunto e falar coa Xunta para tentar cambiar ese punto de afectación, que ese é o que vincula á Xunta á imposibilidade de mutación e de cesións sen necesidade da venda. Anuncia a sra. Lemus a abstención do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e di que o Concello non debe de perder a oportunidade de mercar ese local. Sinala que se se pode sacar gratis ou medio gratis mellor, engadindo que hai que relevar o que se poida e facerse co local e co terreo.

A sra Calvo tamén intervén dicindo, en contestación ás compañeiras, que o propio alcalde acaba de dicir que no ano 1998 se puido facer con ela. Considera que o incremento do diñeiro ou do que fosen cobrar pola parcela é un baremo oficial para todo o mundo, non é que lle teñan manía ao Concello de Teo. Sinala que claro que as leis se poden cambiar, como de feito se ve nos xornais todos os días co Goberno



central, efectivamente se pode facer, engadindo que a lei de Patrimonio está aprobada por unanimidade nesta CCAA por todos os grupos parlamentarios. Remata a sra. Calvo que lle parece ben a compra para ingresar o patrimonio e para evitar problemas futuros.

Preguntado polo sr. alcalde, as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por trece votos a favor (4 Son de Teo, 7 PP e 2 BNG), e tres abstencións (3 PSdeG-PSOE), acorda manifestar a vontade da Corporación municipal de Teo de proceder á compra inmoble da antiga Cámara Agraria Local nas condicións fixadas pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, de acordo coa normativa vixente.**

## **10.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto undécimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.**

As concelleiras do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

A sra. Castelao expón que hai dous temas que xa dixeron varias veces e que o primeiro que quere sinalar é que xa lles aburre, polo que pide que por favor que sexa a última vez que o teñan que dicir.

1.- Sinala a sra. Castelao que no anterior Pleno falaba do das humidades do arquivo. Di que foi convidada a ir falar co arquitecto municipal e foi ao día seguinte, e que este lle

explicou que si, que son humidades e que falaría co alcalde, pois habería que facer unha intervención. Pide a sra. Castelao que se fale con el.

2.- Di a sra. Castelao que seguramente como ao BNG tamén lle chegou a algún outro grupo municipal, en referencia ás queixas do de Luou, que escorre a auga e entra no bar, que xa se sabe que é unha zona privada, pero pensa que se non se pode facer nada ou non se vai facer nada que polo menos se vaia a falar coa xente.

O sr. alcalde explica que en Luou vaise facer un proxecto de rehabilitación da Carballeira pero dende logo a intención ou o proxecto non se fai por ese tema, por unha cousa moi sinxela, porque se a calquera persoa lle entra auga na casa, na leira ou en calquera propiedade, o que fai e abrir un rego polo súa propiedade para evacuar a auga e alí estase falando dun espazo privado que ten a posibilidade de facer unha saída. Di que non é certo en absoluto que iso se producise desde que se recreceu a carreteira en gran medida, que a carreteira sempre estivo máis alta que a entrada do bar, e nunca a auga puido escapar para outro lado pois sempre foi para alí. Di que ten 59 anos e que foi 9 anos á escola alí e sabe como estaba aquilo, e que sempre estivo exactamente igual que agora, coa única diferenza de que a carreteira está máis alta pero a auga sempre foi para alí. Lembra o sr. alcalde que esa cantina estivo levándoa moitos anos a súa tía Encarnación, que sempre tivo ese problema e sempre foi consciente de que non era algo provocado polo Concello e que polo tanto tivera que amañalo este.

Sinala o sr. alcalde que os propietarios nunca lle dixeron nada, e que o bar está alugado e nunca reclamaron nada porque son conscientes desa situación.

Explica que un dos poucos propietarios cos que se falou antes de avanzar no anteproxecto foi o propietario do bar, polas consideracións que leva do permiso que teñen que dar para facer a actuación que se pretende.

Reitera o sr. alcalde que é unha actuación que se fai porque é necesario facela pero non necesariamente polas inundacións que se producen nese bar. Pensa que hai que facelo pero non porque sexa unha propiedade municipal sobre a que hai que actuar, nin porque o Concello fixese algo que prexudicase ao bar.

Explica que é certa unha das cousas das que se queixa, que é que no ano 2005, máis ou menos, meteuse o alcantarillado e a superficie non quedou ben restaurada, aínda que tampouco é esa a causa de que aquilo se encharque .

3.- A sra. Castelao di que hai unhas semanas unhas veciñas de Texexe presentaron no Rexistro unha solicitude na que pedían varias cousas, e unha delas é que se puxeran badens dende Texexe cara Rodiñas, nesa recta. Achegaron ese escrito con sinaturas, e a día de hoxe non están postos pero tampouco se contactou con elas entón pide que polo menos se fale con elas e se lles explique se se vai a facer algunha actuación. Sinala que cando alguén presenta algo no Rexistro está esperando unha resposta.

O sr. alcalde di que se lle contestará. Explica que en todo caso ese tipo de cousas non poden ser inmediatas, e tamén é certo que os badens son un tema conflictivo, pois el é un firme partidario pero tamén hai firmes partidarios de eliminalos.

4.- A sra Diéguez pregunta sobre a empresa que leva o SAF. Di que teñen entendido que remata a concesión da empresa que está agora e pregunta se é así e se se vai a prorrogar ou que vai pasar.

O sr. Igrexas di que remata o 1 de novembro, que non vai haber prórroga porque a empresa non quere, polo que sairá outra vez a licitación.

A sra. Diéguez pregunta cal é o motivo polo que a empresa non se acolle á prórroga, e o sr. Igrexas di que supón que pola dinámica da empresa non sacarán o beneficio que esperan dese contrato.

A sra. Diéguez di que fixeron os cálculos e entende que o beneficio é de 61.000 €, respondendo o sr. Igrexas que unha cousa é o estudo que se fai cando se saca o proxecto, o estudo económico, e outra cousa é a xestión económica dese proxecto. Eles manteñen que o Concello de Teo ten unha serie de circunstancias que fan que non lles resulte rendible e non van a pedir a prórroga, aínda que tamén pode ser a mala xestión por parte da empresa, xa que unha cousa é o estudo económico e outra a xestión do contrato.

A sra. Diéguez pregunta se non hai posibilidade de municipalización do servizo.

O sr. Igrexas di que polo menos, en principio, non está previsto, xa que aínda non falaram do tema.

A sra. Diéguez di que lles consta que as traballadoras están descontentas supoñen que coa empresa, aínda que non lle deron máis información.

O sr. Igrexas di que tivo unha reunión aínda non hai nin un mes, e plantexaron unha serie de circunstancias que son do ámbito da xestión empresarial e quedouse en reclamarlle á empresa que dera unha resposta e así o fixo, dun xeito máis ou menos crítico. Pero en principio non son unhas reclamacións que fagan ao Concello senón que son reclamacións do eido laboral na cal a Administración non pode tomar decisións, xa que a relación laboral téñena coa empresa, non co Concello.

A sra. Diéguez pregunta se nos próximos pregos cando se volva licitar non se pode deixar un pouco atado iso, en relación ás empresas que o collan nun futuro.

O sr. Igrexas di que os pregos por norma xeral levan o cumprimento da lexislación, en especial as normas de ámbito laboral, pero para que haxa un incumprimento desas normas quen o ten que decidir é o xuíz. Entón, se hai un conflito e un xuíz condena á empresa dende o Concello pódese penalizala pero non se pode decidir que esa empresa ten unha actuación irregular no ámbito laboral porque o Concello non é xuíz. Salienta o sr. Igrexas que iso é así neste e en todos os contratos. Segue explicando que pode haber outras cousas, que son máis discutibles, pero tamén é certo que a empresa atrasase basicamente en aplicar o IPC.

A sra. Diéguez di que tamén hai queixas sobre que non agrupan por exemplo as casas, que os itinerarios que lles poñen fai que non teñan usuarios próximos, e que as teñen paseando por todo o Concello de parroquia en parroquia.

O sr. Igrexas responde que iso é unha xestión da empresa, que o Concello non ten, evidentemente, ningún interese en que haxa problemas e que ademais á empresa sobre todo non lle convén ter ás auxiliares facendo quilómetros sen mais, porque lles pagan o quilometraxe. Di que é un tema que daría para un debate moi longo e que fan o posible por arranxalo pero non ten moito arranxo. Manifesta que hai cousas que ao mellor non é posible modificar polos horarios, quendas, en xente que ten unha quenda

de traballo e usuarios que teñen concedida unha determinada periodicidade, por exemplo.

Sinala que tiveron no seu día unha reunión coa empresa, e plantexouse facer un cambio que realmente ía acarrear moitos problemas porque os usuarios non aceptan un cambio de auxiliar, entón ao reorganizar a metade dos usuarios terían que cambiar de auxiliar. Dende o departamento incluso se lles dixo que non habería problema, que aguantarían a parte que lles tocara do conflito, pero ao final fixeron un estudo económico de viabilidade e decidiron que non lles ía compensar.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, formula os seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Lemus en referencia á bolsa de operarios de limpeza sinala que se colgou a plantilla pero non o exame, porén que normalmente cólgase o contido do exame.

2.- Indica a sra. Lemus que na rúa Rasoeira presentaron corenta sinaturas para o tema da fibra. Sabendo as dificultades que ten a xestión municipal do tema, esperaban a chamada do alcalde ou polo menos un comunicado dicíndolles que pasaba con ese tema, porque a solicitude é do 6 de abril.

O sr. alcalde di que pensou que chamaran por telefono porque ademais algunha persoa desa zona chamou e se lle explicou, engadindo que de todas formas lles responderá.

3.- A sra. Lemus di que presentou unha solicitude duns rexistros de entrada e saída e aínda non ten resposta polo que quería saber como está o tema.

4.- Sinala a sra. Lemus que hai uns días o sr. alcalde quedara en que despois de Semana Santa recibiría ou tería unha reunión cos veciños de Fornelos polo tema do saneamento vinculado á obra do aglomerado e están esperando a chamada.

O sr. alcalde di que tiveron esta semana unha reunión cos de Parque Montouto e espera ter unha con eles a semana que vén.

5.- A sra. Lemus pregunta polo muro que se fixo en Vilaverde, Calo, que non sabe se cumpre a normativa, porque tiña que ter unha altura de 90 cms pero non os ten e parécelle un pouco perigoso. Pide que se revise porque para unha persoa un pouco alta incluso queda demasiado baixo e ao mellor se se fai o ademán de sentarse leva un susto.

6.- Pregunta a sra. Lemus como está o contrato da empresa de desatascos de augas de Teo.

O sr. alcalde di que debe de estar, senón en precario, no límite, pero que se preferiu ter sacado todas as obras do POS de diante. Sinala que tamén queda o contrato da piscina e que despois irá ese, engadindo que o departamento de contratación da para o que da.

A sra. Lemus interésase polo custo, sinalando que lle preguntaron pero non se lembra, engadindo que se trata dunha empresa que debe de querer presentarse e debe de estar preparando ofertas.

O sr. alcalde dille que llo pasará mañá.

7.- A sra. Lemus sinala que no anuncio destes días da Tanxuverbena fíxolle gracia a frase reiterada de “conta coa colaboración do concello que non fai nada coa súa organización”. Pregunta cal é a colaboración que fai, aparte de repartir 100 entradas.

A sra. López di que fisicamente realizase no Concello da Estrada, pero parece case obvio que a xente tamén vai ocupar as zonas de aparcadoiro do Concello de Teo, entón colaborou a policía local de Teo coa da Estrada, e tamén Protección civil. Vaise celebrar ata a unha ou as dúas e hai que cortar a ponte medieval por unha cuestión de seguridade e colabórase tamén coa organización do evento coas comidas.

A sra López di que se fala de colaboración e non organización porque como ben saben todos organizar un evento require un Plan de seguridade e o Concello de Teo non participou na elaboración dese plan de seguridade, que o realizou a TVG e pactouno principalmente coa policía da Estrada e ca Garda Civil, porque ao principio estaba contemplado para 4000 persoas pero aos dous Concellos lles parecía demasiado aforo incluso para a zona que é, entón ao final baixaron a 600 persoas, das cales 100

entradas foron para o Concello da Estrada, 100 para o de Teo, entende que a persoa que é responsable do sitio tamén ten outras 100 e o resto serán para a TVG.

A sra. Lemus pregunta se as comidas saen de empresas de Teo, María López di que si.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr Sánchez di que en primeiro lugar, ao fío do comentado polo BNG, e porque tamén o tiña anotado para traer ao Pleno, quere falar do tema da cantina de Luou. Sinala que non vai incidir máis despois das peticións e explicacións e aclaracións do sr. alcalde pero si lle gustaría recordar e que quede constancia a contextualización do asunto. Refírese a que hai que remontarse ao Pleno covid, do verán do ano 2020, e xa naquel momento se confirmou que se ía arranxar. Pasou o covid e o que pedían era que todos os establecementos hostaleiros como durante a época máis dura do covid e da pandemia tiñan limitada a súa actividade, as terrazas querían certa sensibilidade cara a ese asunto porque senón estaban abocados ao fracaso máis absoluto. Pasaron dous anos e o tema segue igual, entón entende absolutamente a desesperación, sobre todo cando naquel momento xa se dixo que se lle ía dar unha solución, co cal si que comparte co BNG e quere trasladar esa necesidade. Manifesta que non sabe de quen é responsabilidade, pero que desde logo cree a versión da veciña e a veciña insiste en que a situación é derivada dunha actuación do Concello, e pensa que se fose unha cuestión que estivese nas propias mans da veciña, tendo en consideración que lle vai o pan nilo, xa o tería arranxado dende hai moito tempo. Di que en todo caso o seu grupo concorda co BNG en que se vaia alí, que se fale e que se arranxe dunha vez aquel tema, porque clama ó ceo. Porque non só é a propia cantina, senón toda a zona está afectada daquel asolagamento, e hai que recordar para máis inri que xusto cando se solicitou que se solucionara aquilo chegou a Deputación e puxo unha capa máis de chapapote.

2.- O sr. Sánchez pregunta pola fonte que hai na entrada da Ribeira. Di que aquilo segue arranxado con cintas, que espera que non haxa unha desgracia. Pensa que xa é o terceiro Pleno no que o nomea e aproveita para aclarar que o tema da cantina de

Luou debeuno de levar a 6 ou 7 Plenos, e ademais fixérono público e probablemente foi publicado unhas quince ou vinte veces. Espera o sr. Sánchez que o tema da Ribeira se solucione canto antes.

3.- O sr. Sánchez pregunta por que apareceron pintadas en Raxó estes días nas liñas do pequeno illote que hai alí fronte á taberna Canicoba, xusto antes de chegar á Igrexa das Cabezas. Quere saber quen foi o responsable daquilo e se se van pintar máis zonas ou só foi alí.

O sr. Igrexas di que a fonte da Ribeira está contratada dende hai tres ou catro meses, pero que primeiro houbo un problema que todas as empresas viviron, de falta de subministracións, e logo a persoa á que se lle contratou o traballo en madeira estivo de baixa por un corte. Espera que esta semana se solucione, pero é un tema que está resolto a nivel administrativo xa dende primeiros de ano e de feito fixéronselle os enganches no lateral con formigón para encaixar as pezas de madeira.

Con respecto ó tema de Canicoba, sinala o sr. Igrexas que a pequena rotonda que hai alí era un dos sitios máis borrados que coñece do Concello, e ademais é un dos sitios máis perigosos porque non ten indicacións, é imposible poñer a vertical que implica todo aquilo, cedas o paso, stop, cruces, entón contratáronse as sinalizacións horizontais dun lote de zonas, os pasos de peóns dos Tilos, os da urbanización esta, o de Cacheiras, de algún xeito buscando mellorar a seguridade porque había algunhas cousas que eran realmente de chegar ao límite. Fíxose iso agora, aínda que non é o momento oportuno, porque houbo o mesmo problema, polo dos subministros e o tempo atmosférico, entón ataxáronse as situacións máis complexas e deixárase para máis adiante outras máis globais. Sinala o sr. Igrexas que algúns deles estaban pedidos pola policía, xa que había pasos de peóns que directamente non se vían.

O sr. Guerra di que xa que está cos pasos de peóns, pide que se lembre o do edificio das Palomas, de Cacheiras.

O sr. Igrexas di que ese é da Deputación.

O sr. Guerra di que se pida á Deputación.



O sr alcalde explica que o desvío da estrada de Cacheiras fora mal proxectado, polo menos deficientemente proxectado en canto ás partidas económicas, co cal cando xa estaba para empezar, houbo que volvelo a sacar. En febreiro adxudicouse a unha empresa o proxecto xa reformado e no mes seguinte a empresa entrou en vía concursal, e aí ían incluídas moitas das sinalizacións esas.

4.- O sr. Guerra pregunta pola pista que vai de Mouromorto á Área recreativa e di que está pésimas condicións, pide que se faga algo e pide uns puntos de luz.

5.- O sr. Guerra pregunta pola pista que vai do Campo de Teo a Agromaior, sinalando que está desfeita. Aclara que é unha que está despois do taller, subindo á man esquerda.

6.- O sr. Guerra pregunta pola pista de Laxes, sinalando que pasou o outro día, ata Guldrís, e está moi mal.

7.- A sra. Castro di que no mes de outubro pediu o arranxo da estrada de Beitureira, do número 6, e pregunta se se vai a levar a cabo, xa que ao parecer agora o coche xa o teñen que deixar na casa dun familiar porque non hai forma de subir por alí e os tractores que pasan, cada vez fanlle máis burato.

O sr. Igrexas di que é unha das moitas casas que hai sen acceso e asfaltado. Explica que se están asfaltando as que se poden e dende logo esa está apuntada porque é certo que cando se asfaltou Beitureira non entende como se deixou aquilo así porque é un acceso a unha vivenda, pero revisando no Concello hai moitas máis en Oza, en Calo, hai varias en varios sitios que foron quedando e que hai que abordalas.

O sr. Igrexas di que é unha cuestión de orzamento.

A sra. Castro pide que se lle bote algo polo menos para ir pasando.

O sr. Igrexas di que calquera cousa que se bote ten que ser asfalto e antes hai que ver para onde se manda a auga, que tamén é un tema non menor.

8.- A sra. Castro informa que diante da EIM de Calo caeu unha farola, que retiraron, pero quedou a base co burato do medio cos cables soltos.

O sr Igrexas di que lle botará un ollo, porque foi por alí e non se fixou.

9.- A sra. Castro sinala que en Fixó, onde está a ponte do río, non sabe se deberon de levantar todo ese cacho de asfalto pero as pedras están todas soltas e ao pasar co coche saltan para todos os lados. Explica que se refire á ponte que ten o camiño do sentido único cara arriba, a que está no medio da aldea, subindo cara ao colexio.

O sr. Igrexas di que iso entra na obra, que está no proxecto.

O sr. alcalde di que espera que este mes que entra esa obra remate.

10.- A sra Calvo di que quere lembrar o espello no cruce de Espasande.

O sr. Igrexas di que está posto e a sra Calvo sinala que lle acaban de escribir que non.

O sr. Igrexas di que el viu a foto que colgaron, e aparte di que o que lle plantexou o xefe de obras foi que puxeron o espello pero había unha dificultade, e ían mover o sinal de parada de bus para atrás para que o espello puidera subir, entón por iso sabe que está posto.

A sra. Calvo pídelle que lle pase a foto.

O sr. Igrexas di que é saíndo de Espasande pola pista que vai cara atrás, onde hai uns contedores.

O sr. alcalde di que se fai falta pásase hoxe a levantar acta.

11.- A sra. Rosende di que ela quere pedir, unha vez máis, que se mire a pista toda que une Procelas e Noenlles, pois despois de dous anos e pico segue sen tocarse. Explica que sería na zona de atrás, a que une as dúas aldeas.

12.- A sra. Rosende di que pediu que se arranxase un bache que hai indo para a Igrexa de Cacheiras, a carreteira que está en fronte ó cemiterio, pois ese bache cruza de lado a lado e agora xa hai que parar o coche case de todo para pasar.

13. - A sra. Rosende pregunta por que se cortaron as árbores que hai onde o IES, nas pistas deportivas que hai alí. Logo das aclaracións acerca da zona á que se refería, o

sr Igrexas di que non se fixo ningunha tala alí de árbores, e que en todo caso a zona que indica a sra. Rosende non é municipal.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz